

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 14, 21-26

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Quen ten os meus mandamentos e os garda, ese ámame; o que me ama será amado por meu Pai, e eu amareino e manifestareime a el.»

Xudas, o outro, non o Iscariote, preguntoulle:

– «¿Que pasou, para que ti vaias manifestarte a nós e non ó mundo?»

Xesús respondeulle:

– «Se alguén me ama, gardará a miña palabra, e meu Pai amarao, e viremos onda el, e faremos vida con el. O que non me ama, non garda as miñas palabras; e a palabra que escoitades de min, non é miña, é do Pai que me mandou.

Díxenvos estas cousas mentres estaba convosco; pero o Paráclito, o Espírito Santo que meu Pai mandará no meu nome, ese havos ensinar todo e traeravos á memoria canto eu vos dixen.»